

CÓMO APUNTARSE?

Para apuntarse á xornada organizada por FEGAPE e a Asociación de Empresarios de Ferrolterra é necesario remitir un email indicando o nome, actividade, empresa e email e teléfono de contacto.ó correo info@empresarios-ferrolterra.org,

A Xornada é totalmente gratuita e a obtención do diploma acreditativo do mesmo requirirá a asistencia á sesión.

Máis información en
<http://fegapeprevencion.wordpress.com>
<http://www.empresarios-ferrolterra.org>

CALENDARIO DA XORNADA

DATAS: Venres 26 de Outubro de 2018 de 10:00 a 12:00 horas a.m.

LUGAR DE CELEBRACIÓN


Sede de la AEF, Punta Arnela, Edif. Usos Múltiples 2ª planta. CP 15405 Ferrol

TLFNO: 981 33 33 05

Email: info@empresarios-ferrolterra.org



Rúa das Hedras 6, Planta 2ª, Oficina I.
Ames, CP 15895. Coruña
Tel. +34 981 561 890
clientes@sinerxia.es
<http://www.sinerxia.es>



**XORNADAS DE
FORMACIÓN E
IMPLANTACIÓN
DA NOVA NORMA
ISO 45001:2018
SISTEMAS DE
XESTIÓN DA
SEGURIDADE E
SAÚDE LABORAL**



QUÉ APORTA ISO 45001:2018;

- XESTIÓN RESPONSABLE
- SEGURIDADE.
- COMPROMISO DOS TRABALLADORES.
- EFICIENCIA.
- AFORRO.
- INTEGRACIÓN COA ISO 9001 E 14001
- FERRAMENTAS DE XESTIÓN.
- MELLOR AVALIACIÓN.
- AUMENTO DA PREVENCIÓN.
- CONTROL DE RISCOS LABORAIS.



ISO 45001:2018, A SUBSTITUTA DA OHSAS 18001:2007.

SISTEMAS DE XESTIÓN DA SEGURIDADE E SAUDE LABORAL DACORDO NORMA A OHSAS 18001

O proxecto FEGAPE SAFE PARKS é proxecto financiado pola Consellería de Economía, Emprego e Industria da XUNTA DE GALICIA que ten por obxectivo mellorar a prevención de riscos laborais nas empresas galegas. A nova ISO 45001:2018 é un medio para potenciar a seguridade e a prevención de riscos laborais dos traballadores.

ISO 45001:2018 é a nova norma de xestión da seguridade e saúde laboral aceptada internacionalmente. Substitúe deste xeito á OHSAS 18001:2007, e por iso, é de interese coñecerla e implantala..

Con esta acción, FEGAPE, aporta unha formación integral que permitirá aos participantes acadar coñecementos sobre a ISO 45001:2018 e as súas novidades respecto á OHSAS 18001 e a xestión da prevención na empresa.

A prevención de Riscos chave de seguridade e eficiencia na empresa

CONTIDO DA XORNADA

1. Presentación da Xornada – 10:00 horas

José Ramón Franco Caaveiro - Presidente da Asociación de Empresarios Ferrolterra (AEF)
David Sobral Pidre – Secretario Xeral da Federación Galega de Parques Empresariais (FEGAPE)
Nicolás Iván Vaqueiro – Director de Sinerxia Plus Consultora.

2. A norma ISO 45001 e as súas diferencias co estándar OHSAS 18001: 2007 - 10:20 horas

Javier Cerdeira Pérez – Responsable de Consultoría Estratéxica e Prevención de Sinerxia Plus Consultora SLU

3. O proceso de Certificación da ISO 45001:2018 – 11:30 horas

Javier López – Director Comercial de la certificadora European Quality Assurance (EQA)




OS SISTEMAS DE XESTIÓN DA SEGURIDADE E SAUDE LABORAL MELLORAN A PREVENCIÓN

Novidades da ISO 45001:2018 con respecto á OHSAS

A nova ISO 45001 aporta novidades importantes con respecto á OHSAS 18001:2007:

- A súa integración coas ISO 9001 e 14001 é máis sinxela.
- En canto ao planeamento, mellora os requisitos para a identificación dos perigos, cun enfoque proactivo durante a identificación de perigos
- En canto ao soporte, cóbrense todos os requisitos necesarios para ter un Sistema de Xestión de Seguridade e Saúde no Traballo Este enfoque é mellor que a norma OHSAS 18001, en que todos os recursos están baixo a mesma cláusula.
- Operación: comprende controis operacionais e a preparación para urxencias e resposta.
- Avaliación do desempeño: inclúese o monitoreo e medición do Sistema de Xestión para mellorar o rendemento, a avaliación das obrigacións de cumprimento, auditoría interna e revisión pola dirección.
- Mellora: os incidente son agora unha parte da mesma cláusula como as non conformidades e as accións correctivas.



ISO 45001 MELLORA A SEGURIDADE

Mellora da produtividade debido a unha potencial diminución do número de accidentes de cada un dos traballadores das empresas.



ISO 45001 AFORRA CUSTES

– Evitando sancións causadas polo incumprimento da lexislación en materia de prevención de riscos laborais.

– Obtendo reducións nas primas dalgúns seguros relacionados como, por exemplo, os seguros contra incendios.



ISO 45001 MELLORA A XESTIÓN E A IMAXE

Aporta unha mellora continua na xestión, integrando a prevención en todos os niveis xerárquicos e organizativos, a través de metodoloxías, ferramentas e actividades de mellora, proporcionando unha potenciación da imaxe da empresa de cara aos clientes, á sociedade e á administración, amosando o compromiso da organización coa seguridade e a saúde dos traballadores.